



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DO MERCADO DE CARANZA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a adxudicación dos postos do mercado de Caranza.

Exposición de motivos

En Xunta de Goberno local, de 8 de abril de 2019, produciuse un fito histórico. Ademais de por primeira vez acometer unha reforma integral nas vivendas de Recimil, por primeira vez dende a súa creación, e avanzar na accesibilidade da nosa cidade, aprobando unha actuación en máis de douscentos pasos peonís de Canido, Catabois, A Malata, o Peirao e os Ensanches A y B, por certo, proxecto paralizado na súa continuidade para a seguinte fase neste mandato, adxudicouse unha demanda histórica: a reforma do Mercado de Caranza.

Esta obra foi adxudicada por 800.000 euros e agora xa está rematada, logo de diálogo permanente con praceiros e praceiras, e dun consenso social que viña de décadas da necesidade de acometer unha reforma urxente, con requirimentos continuados practicamente dende a súa creación das autoridades sanitarias para cumprir co mínimo imprescindible para prestar unha atención en condicións salubres.

Foron moitos os alcaldes que pasearon cun proxecto baixo o brazo polo Mercado de Caranza, no que os seus traballadores e traballadoras asistían estupefactos como pasaban os anos e dos debuxos alí presentados non se concretaba nada.

A reforma supuxo unha reposición total da cuberta, coa instalación de illamento térmico nos falsos teitos, un frontal completamente novo con chapa metálica, así como a renovación das carpinterías exteriores. Ademais da montaxe de novas instalacións eléctricas, de saneamento, abastecemento, ventilación e un sistema contra incendios.

No seu interior reparouse a estrutura de formigón, reconfigurouse a distribución dos postos, reformouse o semisoto para mellorar a accesibilidade, tanto peonil como de mercancías dende o propio aparcadoiro. Así mesmo dotouse dun ascensor interior e montacargas para facilitar o acceso e a entrega de xénero aos comerciantes.

Así, quedou plenamente adaptado ás necesidades dun mercado moderno que poida ofrecer produto de calidade, como o fai, pero en condicións dignas. Agora só queda formalizar a concesión dende o servizo de patrimonio do Concello de Ferrol. En tempos onde debemos apostar máis que nunca polo comercio de proximidade cremos unha urxencia facer uso deste servizo, xa que o estado no que están actualmente a prestar os seus servizos os praceiros e praceiras non resulta atractivo para o público, polo que a súa apertura inmediata podería dar a volta a situación e estimular a compra de produto autóctono, peixe, carne, pan, froita... para desenvolver un círculo de economía local que permita a recuperación social de Ferrol.

Polo que, dende Ferrol en Común instamos a:

1.- Adxudicar de forma inmediata os postos do Mercado de Caranza aos praceiros e praceiras, que xa estaba preacordada e só resta o trámite administrativo.

Ferrol, 25 de maio de 2020



Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común